



## **SOMOS CULTURA DA AUGA**

---

**Lema: PASADO-FUTURO**

**Pseudónimo: ALVARO WILCOCK**

---

***LXXVII Premio Alejandro Pérez Lugín de Xornalismo***

## SOMOS CULTURA DA AUGA

---

Álvaro Wilcock (*pseudónimo*)

A Galicia dos mil ríos e dos dous mares intúe a sensación de sede. Contemplo o vello Portomarín desde a ponte nova. As ruínas da vila, afogada na década dos sesenta do século pasado, non emerxen como di o tópico xornalístico. Están aí, visibles, onde sempre estiveron, derrotadas polo tempo e polo tránsito feridor dunha auga que agora é case inexistente. Son restos corroídos dunha memoria que resiste e persevera. Contouno moi ben o escritor Julio Llamazares a propósito do mergullamento de lugares como Vegamián e Riaño: a memoria non se dilúe, senón que prospera caladamente. O que se dilúe é a auga nesta Galicia do outono de 2017, en alerta xeralizada pola seca. Esta Galicia á que semella que lle pasaron por enriba un papel secante e anticiclónico.

“Todo isto cuberto pola augas, e agora eu pregunto: para que? Nas aldeas do arredor xa andan levando a auga con cisternas e aquí empezan algúns”, dime Ramón, un vello coñecido de Portomarín, que mestura na súa mirada a melancolía cun reberete de irónica incredulidade. Fala da mala colleita nas viñas. Das maceiras sen froita. Do novo agromar da praga dos carballos coa seca.

É como se non soubesemos apreciar o milagre cotián da auga. Do estado de abundancia aparentemente inextinguible, pasamos ao estado de alerta. Como se o ciclo da auga sufrise unha avaría inagardada na autoestrada da opulencia hídrica. Porque hai que falar, si, de opulencia. Ao abrir a billa probablemente nunca tivemos a conciencia de que para nós, habitantes deste *finis terrae*, puidese converterse en recurso limitado.

Deteñámonos nalgúns datos significativos. Nos últimos anos, o noso consumo *per capita*, o dos galegos, elevouse a 615 metros cúbicos ao ano, un 50% máis cá media da Unión Europea, segundo datos da Universidade da Coruña. Pero esas cifras merecen algúns matices, porque máis do 60% da auga vai destinada á agricultura e só un 10% ao consumo humano. Aínda así, o consumo doméstico de cada galego chega aos 154 litros diarios. Son 54 máis cós 80 que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

Estamos no momento perfecto para proxectar unha pedagogía racionalizada e colaborativa da auga. Unha pedagogía, que nos debe facer conscientes deste ben que posuímos, en contraste coas zonas do planeta nas que a auga vén sendo a historia dunha escaseza conxénita. E é que o noso campo, as nosas industrias, os nosos fogares, beneficiáronse sen taxa dun ben que a OMS relaciona con tres aspectos fundamentais na vida: a produción de alimentos, a saúde e a estabilidade política e social.

Pero pensemos un chisco sobre a nosa cultura relacionada co ciclo da auga. Vivimos nun confín de Occidente aberto ao mar a través de 1500 quilómetros de costa. O mar que nos trae a choiva, o das borrascas “procedentes do Atlántico” (escoitado a través de tantas partes meteorolóxicas) en loita co anticiclón das Azores. Ese mar que é fonte de riqueza pesqueira e de tantos tránsitos socioeconómicos do ir e vir tan importantes para o noso ser constitutivo. A través del chegaronnos produtos e froitos de América, novidades industriais e culturais, pero tamén se levou moitos brazos rexos da Galicia *pobre e adoecida* polos vieiros da emigración, eses que deixaron milleiros de *viúvas de vivos*. É o mar que está na nosa esencia e no noso imaxinario, desde Paio Gómez Chariño ata Pondal, desde Manuel Antonio ata moitas letras do rock *bravú*.

Galicia é tamén pródiga en ríos e regatos, en presas e lagoas. O Ulla trae ecos xacobeos e do mito viquingo. O Eume dálle nome a unha fraga que é memoria vexetal da nosa terra. O pai Miño co Sil, que atravesa a Ribeira Sacra cos seus sete mosteiros, condúcenos ata os lindeiros con Portugal. E habería que falar do Limia e do Léz, do Xallas coa súa fervenza e do Tambre, do Eo que vertebra unha reserva da biosfera e de tantos outros vencellados á nosa historia.

Pero na *Gallaecia* somos tamén ricos en mananciais, en augas termais e medicinais, en auga mineral embotellada e en medicina hidrolóxica. Convén lembrar aquilo que dicía a Pardo Bazán sobre as súas estadias no balneario de Mondariz: “Cura os estragos do pensamento e os males da civilización”.

E o cuarto vector desa nosa conexión material e espiritual coa auga vén determinado pola choiva. Quizais sexa un dos factores que máis definen a nosa relación co medio, a nosa intimidade psicolóxica, o noso ser e/ou non ser. Temos preto de cen palabras para definila, moitas máis cós esquimós para nomear a neve. Todo un mundo eufónico: babuxa, chuviscada, froallo, orballo, patineira, bategada, cebrina, xistra. Sigamos deixándonos arrolar co feitizo das palabras, con esa gran construción, case poética, da nosa lingua: breca, barruñeira, lapiñeira,

coriscada, zarracina, palabreada, torba. E ate temos, si, unha choiva denominada morriña; leve, pero moi porfiada.

Estamos probablemente no momento axeitado para poñer en valor o capital material e inmaterial da auga, a nosa cultura relacionada con ela, pero tamén a vertente estratéxica que mira cara ao futuro. Quizais sexa o tempo para construír, sobre esa premisa ambiciosa, un enfoque global, institucional e fundamentalmente colaborativo, que inclúa o seu aproveitamento eficiente e tamén preventivo en función das posibles fases de seca.

Moi probablemente non prezáramos na súa xusta medida este agasallo da natureza, esta dádiva cotiá. Entre outros motivos, porque a tiñamos sen taxa. E esquecemos que só o 3% da auga do planeta é doce, pero a porcentaxe potable e utilizable resulta moito menor aínda. Obviamos que o 40% da terra é deserto ou semideserto, que 1500 millóns de habitantes do planeta non teñen abastecemento de auga potable e que arredor duns 800 millóns padecen de escaseza severa.

En definitiva, estamos ante un ben valioso que aínda o vai ser máis fronte á ameaza do cambio climático. Parece razoable pensar que o seu ciclo natural no século XXI debe proxectarse mais aló, cara á educación, a cultura, a industria, o turismo sustentable, a agricultura intelixente.

Nas nosas facultades universitarias non só se investiga sobre ciencias do mar, senón tamén sobre redes de subministración e potabilización, ou mesmo o tratamento de contaminantes emerxentes como restos de fármacos e produtos endocrinos. Hai por diante un horizonte de posibilidades que non rematan na consabida e moi importante industria hidroeléctrica, senón que están relacionadas co saneamento en áreas urbanas e costeiras, co tratamento de auga potable e residual. Referímonos a experiencias, actividades e compoñentes materiais que xa son obxecto das exportacións galegas.

A auga mariña, a auga mineral, a auga termal, a auga dos nosos ríos e regatos: toda unha riqueza que está pedindo a berros unha nova dimensión proxectiva. Tampouco pasemos por alto que foi historicamente un factor de fixación de poboación, e non faltan os analistas que sinalan que haberá novas migracións no futuro na procura da auga. O tópico di que vivimos no país onde a choiva é arte e, no fondo, conformámonos con que sexa vida en rexeneración permanente.